

Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

CONDICIÓN XERAIS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN 2024:

OBXECTO:

A necesidade de conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Carral, precisan a que, dende a administración local, se oferten aos menores servizos extra-educativos (pedagóxicos e deportivos) durante as tempadas de vacacións escolares, mentres os seus proxenitores desenvolven a súa actividade profesional.

Por elo, dende o 1 de xullo ao 30 de agosto ofertaranse 9 semanas de campamentos urbanos para nenos e nenas de Educación Infantil e Educación Primaria, tendo preferencia de inscrición aqueles rapaces e rapazas empadroados no Concello de Carral ou inscritos nalgún dos centros educativos do municipio.

HORARIOS, DATAS E PRAZAS.

- **As prazas son limitadas e adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición.**
 - * Reservaranse un 10% das prazas para nenos/as con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo, como por exemplo TDAH), con NEE con autonomía persoal (HVD: habilidades para a vida diaria), ou en risco de exclusión social


- **As datas e prazas** previstas de realización das actividades son:
 - 1ª semana: do 1 ao 5 de xullo (**120 prazas**)
 - 2ª semana: do 8 ao 12 de xullo (**120 prazas**)
 - 3ª semana: do 15 ao 19 de xullo (**120 prazas**)
 - 4ª semana: do 22 ao 26 de xullo (**120 prazas**)
 - 5ª semana: do 29 de xullo ao 2 de agosto (**120 prazas**)
 - 6ª semana: do 5 ao 9 de agosto (**120 prazas**)
 - 7ª semana: do 12 ao 16 de agosto (**90 prazas**)
 - 8ª semana: do 19 ao 23 de agosto (**90 prazas**)
 - 9ª semana: do 26 ao 30 de agosto (**90 prazas**)

- **Horario (luns a venres, excepto festivos)**
 - Servizo Madrugadores: 7.30 a 10.00 h *
 - Campamentos: 10.00 a 14.00 h: ESTE HORARIO SERÁ “OBRIGATORIO” PARA TODOS OS NENOS/AS, non podendo nin entregar nin recoller aos nenos/as durante o mesmo salvo excepcións previamente comunicadas.
 - Tempo de Xantar: 14.00 a 16.00 h *
*Nota. Os nenos/as que fagan uso destes horarios deberán traer o seu almorzo ou xantar da casa. Disporase dun forno microondas para quentar a comida.

- **Lugar (luns a venres, excepto festivos)**
 - Recinto escolar Colexio Vicente Otero Valcárcel (**43.224984, -8.354894**)

DESTINATARIOS: Idades e grupos

- Para nenos/as dende Educación Infantil (dende 3 anos) e toda a Educación Primaria.
- Teñen **preferencia aqueles nenos e nenas empadroados no Concello de Carral ou aqueles nenos que acoden aos Centros Educativos públicos da localidade.**
- Para formalizar a inscrición é preciso que o interesado/a **non teña débedas co Concello de Carral.**



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>


- Organizaranse os grupos por idades. Estes **grupos serán o máis homoxéneos posible**, cumprindo sempre a normativa vixente.
- Os nenos/as poderán facer uso do servizo Madrugadores (7.30-10.00 h) e Tempo de Xantar (14.00-16.00 h) para o que deberán traer o seu propio almorzo e xantar da casa (disponse de forno microondas)

INSCRICIÓN: Prazos e xeitos.

- O prazo de inscrición estará **aberto entre as 09:00 h do 7 de xuño ata as 12:00 h do 14 de xuño de 2024. As prazas son limitadas e adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición e de acordo aos criterios sinalados anteriormente.**
- As inscricións en calquera dos campamentos poderanse tramitar dos seguintes xeitos:
 - **Online**, cubrindo o formulario disposto para tal fin que poderán atopar no link: <https://forms.gle/g8Uj9FCP8Kxte9549>
 - **En persoa**, nas dependencias municipais da Casa da Cultura (de luns a venres entre ás 9:00 ás 14:00 h). O interesado cubrirá un boletín de inscrición a disposición dos interesados na web <https://carral.es/blog/carral-abre-o-prazo-de-preinscripcion-nos-campamentos-deportivos-de-veran-2024/>
- **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS POR OUTROS MEDIOS QUE OS INDICADOS.**
- Abrirase un **segundo prazo de inscrición** do 15 ao 18 de xullo para aquelas semanas nas que quedasen prazas vacantes.

PAGO: Prezo, prazo e condicións.

- O prezo destes campamentos é de **30,00 €/semana**.
 - 1ª semana: do 1 ao 5 de xullo (**120 prazas**): 30 €/persoa.
 - 2ª semana: do 8 ao 12 de xullo (**120 prazas**): 30 €/persoa.
 - 3ª semana: do 15 ao 19 de xullo (**120 prazas**): 30 €/persoa.
 - 4ª semana: do 22 ao 26 de xullo (**120 prazas**): 30 €/persoa.
 - 5ª semana: do 29 de xullo ao 2 de agosto (**120 prazas**): 30 €/persoa.
 - 6ª semana: do 5 ao 9 de agosto (**120 prazas**): 30 €/persoa.
 - 7ª semana: do 12 ao 16 de agosto (**90 prazas**): 30 €/persoa.
 - 8ª semana: do 19 ao 23 de agosto (**90 prazas**): 30 €/persoa.
 - 9ª semana: do 26 ao 30 de agosto (**90 prazas**): 30 €/persoa.
- O prezo polo uso do servizo opcional de **madrugadores (7:30-10.00 h)/tempo de xantar (14:00-16:00): 9,25 €/semana.**
- As **datas límites** para facer os pagos serán:
 - **Semanas da 1ª á 5ª: pago entre o 20 e 25 de xuño.**
 - **Semanas da 6ª á 9ª: pago entre o 22 e o 29 de xullo.**
- **SE O INTERESADO/A NON ABOA A CANTIDADE CORRESPONDENTE ÁS SEMANAS QUE ELIXA DENTRO DOS PRAZOS MARCADOS, PERDERÁ O DEREITO Á PRAZA RECAENDO ESTA NA SEGUINTE PERSOA NA LISTA DE AGARDA.**
- **Formas de pago:**
 - Mediante **transferencia bancaria** (ES21 2100 5781 3102 0000 1826), para o cal será **IMPRESINDIBLE** enviar o resgardo de ingreso ao mail casadacultura@carral.es.
 - Con **Tarxeta bancaria** nas dependencias da Casa da Cultura.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

- **Condições de pago:** O pago de cada semana elixida deberase realizar nas datas e xeitos indicados.

PUBLICACIÓN DE LISTAS:

- **O día 19 de xuño** publicaranse ás listas provisionais de aceptados e suplentes. Para formalizar a inscrición, o interesado deberá aboar a cota correspondente ás semanas elixidas dentro dos prazos marcados. De non facelo no prazo establecido perderá o dereito á praza, que será adxudicada segundo a listaxe de agarda se o houbese.

SEGUROS:

- Todos os nenos/as participantes estarán cubertos por un seguro médico de accidentes.

BAIXAS:

- Calquera participante que desexe tramitar a baixa nalgunha das semanas o no campamento completo, deberá cubrir e asinar o correspondente formulario de baixa, que atopará no link <https://carral.es/blog/carral-abre-o-prazo-de-preinscripcion-nos-campamentos-deportivos-de-veran-2024/> e facela chegar despois a Casa da Cultura presencialmente ou mediante o mail casadacultura@carral.es
- As **cotas aboadas NON SE DEVOLVERÁN AGÁS CAUSAS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS.**

PARA MÁIS INFORMACIÓN E DÚBIDAS:

- A información específica de cada campamento publicarase na semana anterior do inicio de cada un deles.

Casa da Cultura de Carral (43°13'42.8"N 8°21'39.8"W)

r/Paleo, nº 17 (en fronte ao Centro de Saúde)

981.67.25.80

casadacultura@carral.es